

MARINA CÍES BEACH CLUB

Avda. Samil, 30

36212 Vigo, Pontevedra

Teléfono: 986 248 412

Web: <http://marinaciesbeachclub.com/>



INFORMACIÓN XERAL

Atención ao público e outra información de interese

- Dispoñen de menús para persoas con necesidades especiais.
- Non dispón de cartas adaptadas.
- Non dispoñen de persoal signante.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non está prevista a evacuación de persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Existen varias liñas de transporte público que acceden á contorna, dispoñendo de varias paradas de autobús.
- Amplas zonas de aparcadoiro con prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida.
- Acceso ao establecemento desde o paseo marítimo, con pavimento en bo estado. Existen escaleiras con ramplas contiguas para salvar os desniveis.
- O acceso realízase a través dunha rampla de 9.6m de lonxitude e unha pendente lonxitudinal do 7%. Non dispón de pasa mans.
- Existe un acceso sen desnivel desde a parte posterior.
- Porta de cristal de 98cm de ancho de paso, tirador vertical e sinalización con logotipos con pouco contraste.
- Zona de barra situada fronte á entrada. O restaurante dispón de zona de atención. Carece de sistema de indución magnética.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- Atención en mesa por camareiros

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- Pavimentos homoxéneos e en bo estado na zona interior e exterior de atención.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Situado á esquerda da zona de entrada

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- Pavimentos homoxéneos e en bo estado na zona interior e exterior de atención.
- Mesas de diversas formas e dimensións, dispoñendo de mesas baixas e altas.

- Alto de mesa de 76 cm e altura baixo a mesa de 64cm. Ancho inferior nas mesas máis pequenas de 66cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Dispón de aseos adaptados nas tres plantas.
- Integradas en planta soto, exentas masculina e feminina en planta baixa e para ambos os sexos en planta primeira.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior co SIA.
- Portas corredías de 80cm de ancho de paso.
- Tirador vertical

Cabina

- Cabinas interiores sinalizadas con SIA.
- Portas corredías de 81cm de ancho de paso.
- Tirador vertical
- Mecanismo de peche mediante pasador fixo non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro viro libre de obstáculos de 150cm.
- Control de iluminación con sensor.
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Situado en todos o caso no interior da cabina.
- Billa mono mando centrado ao lavabo.
- Altura superior de 85cm, con oco inferior de 70cm de alto.
- Espello fixo con bordo inferior a 107cm de altura.
- Dispón de dispensador de xabón a 102cm de altura e de dispensador de toallas de papel a 120cm de altura.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude maior de 120cm.
- Conta con dobre espazo de transferencia con ancho mínimo de 80cm. Nos aseos de planta baixa o acceso a un dos laterais vese interrompido polo lavabo.
- Dispón en todos o caso dunha soa barra de transferencia abatible, situada a unha altura de 86cm e separada do eixo do inodoro 46cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 51cm
- O mecanismo de descarga de cisterna é mediante pulsador e está situado centrado en parede, a unha altura de 1055cm, pódese activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Varias zonas de estancia, a atención realízase en mesa.

Características

- Non existen portas interiores, pero o acceso ás zonas exteriores realízase a través de amplas ventás sen sinalizar. O rail atópase enrasado e ten un ancho de 3,5cm.
- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- Mesas colocadas de maneira regular marcando zonas de paso.
- Existe variedade de mesas, pero atópanse agrupadas por espazos.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos non destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é audible desde a zona de aseos.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Aparcadoiro			Zonas de aparcadoiro público exterior. Pavimento de asfalto cun regular estado de conservación. Dispoñen de sinalización e zona de transferencia.
Terraza			Varias zonas exteriores con servizo de mesa. Mobiliario de diversas características.
Ascensor			Comunica todas as plantas do establecemento. Non dispón de sinalización horizontal. Altura de botón de chamada a 105cm, e interiores a 111cm. Cabina de 140cm de fondo e 106 de ancho. Cabina con embarque en portas enfrontadas. Botoeira con cor contrastada, textos no alto relevo. Dispón de pasa mans a 88cm e espello

			lateral.
Escaleiras			Escaireiras sen sinalización horizontal. Banzos cunha dimensión de 17x30cm sen bocel. Tabica e pegada non contrastada. Pasa mans a ambos os dous lados a 93cm de altura.